



DEGUSTARES 2026

O Concello de Ares organiza unha acción promocional **Degustares 2026**

BASES DE PARTICIPACIÓN

1- OBXECTO:

O obxecto destas bases, e a participación de todos aqueles establecementos hostaleiros en activo de Ares, que habitualmente sirvan pinchos e/ou tapas aos seus clientes, dando a coñecer a riqueza gastronómica e as distintas propostas dos nosos establecementos entre os cidadáns e visitantes, así como animar a actividade en temporada baixa.

2- INSCRICIÓNS

Solicitude de participación na que conste, o nome do local, o seu teléfono, o nome da tapa, una fotografía da tapa proposta e a franxa horaria do servizo de comidas e ceas, no que cada local pretenda ofertar a tapa.

Comenzo de inscricións ó día 16 de marzo ata 1 de abril

Todas as solicitudes entregaranse ben no concello de forma presencial o na web lucia.blanco@concellodeares.com

3- Procedemento:

O concello de Ares comprométese:

- A organizar e impulsar esta acción promocional
- Proporcionar a publicidade necesaria para o desenvolvemento desta acción promocional (carteis, cartilla, difusión nas redes sociais, páxina web)
- Realizar o seguimento e resolver cantas cuestión xurdan.

4 Desenvolvemento do concurso por parte dos establecementos.

1- Durante o período do evento, do 23 e 24 e do 30 e 31 do mesmo mes, os locais participantes ofertarán ao público, ó mediodía durante o servizo das comidas o pola noite durante o servizo das ceas, a tapa sinalada na inscrición.

2-Os ingredientes das tapas e a materia prima para a súa elaboración serán libres, aínda que deberán ser produtos galegos a maioría, para poder resaltar a cultura gastronómica da nosa terra



3- Cada establecemento poderá participar presentando una única tapa ao concurso
4- Cada local participante fará promoción do concurso DEGUSTARES colocando nun lugar ben visible a promoción do evento que se está a realizar, do mesmo modo aqueles que teñan redes sociais (facebook, twitter, instagram, etc), e na súa páxina web en caso de tela.

5-Os establecementos participantes, distribuirán entre seus clientes, roteiros específicos coa imaxe do DEGUSTARES, onde estarán expostas, tódalas tapas que participan neste evento promocional.

6-Os locais que participan deberán ter selos dos seus establecementos.

7- Para que a participación dos clientes sexa válido, o cartón deberá estar completamente recheo e selado por todos os establecementos participantes, o cal se depositará nunha urna no concello so para este fin.

POR PARTE DOS CLIENTES

- 1 Os clientes que queirán participar neste concurso, deberá pasar por todos os establecementos que están adheridos a esta promoción.
- 2 Deberán cubrir todas as tarxetas con seus datos persoais e indicar con una puntuación de 15 puntos para a mellor tapa, 10 puntos para a segunda mellor tapa e 5 puntos para a terceira mellor tapa a súa valoración sobre as tapas que esta a degustar.
- 3 Non entrarán no sorteo as tarxetas que non estén sellados polos establecementos, aínda que estén puntuadas.
- 4 Cobrarase polo pincho 1 euro.
- 5 Data límite para depositar os rueiros, o día 4 de maio, nos establecementos participantes

DESENVOLVEMENTO

Durante os días 23 e 24 de maio ata o fin de semana do 30 e 31do mesmo mes, os establecementos ofrecerán a seus clientes unha tapa por valor dun 1 euro, que participara dentro do concurso, durante as horas da comida e da cena.

Os concursantes, deberán degustar e valorar as tapas en cuestión, seguido da cartilla que se lles dará no local participante

A cartilla tendrá un recuadro en baixo, de cada establecemento participante, onde se puntuará as tres mellores tapas con 15 puntos para a mellor, 10 puntos a segunda mellor e 5 puntos como a terceira mellor.



PREMIOS PARA OS ESTABLECEMENTOS GAÑADORES.

- 1- O primer premio estará dotado dun diploma, recoñecendo o primer posto, e un vale de 600 euros, para canxear na hostelería ou no comercio local de Ares
- 2- O segundo premio estará dotado dun diploma, recoñecendo o segundo posto, e un vale de 500 euros, para canxear na hostelería ou no comercio local de Ares
- 3- O terceiro premio estará dotado dun diploma, recoñecendo o terceiro posto, e un vale de 400 euros, para canxear na hostelería ou no comercio local de Ares.
- 6 Botella Magnum Ribera Do Douro, bodega Ismael Arroyo, xentileza de bodegas e viños Ares.
- 7 Botella Magnum Rioxa bodegas Valdelana, Xentileza de bodegas e viños Ares

O método de selección, para saber quen son os gañadores dos establecementos será a través, do recuento de votos, das tarxetas seladas correctamente.

En canto as botellas de viño farase mediante sorteo aos establecementos adheridos a esta campaña.

O sorteo tendrá lugar o día 12 de xuno as 18:00H

PREMIOS PARA OS CLIENTES GAÑADORES

- 1- O primer premio será dun vale de 100 euros
- 2- Segundo premio dun vale de 100 euros
- 3- Tercer premio será dun vale de 100 euros
- 4- Cuarto premio será dun vale de 100 euros
- 5- Quinto premio será dun vale de 100 euros
- 6- Sexto premio será dun vale de 100 euros entre o público que esté presente (maiores de idade e que participarán na campaña).
- 7- Botella Magnum de Ribera del Duero gentileza de bodegas Ismael Aroyo
- 8- Botella Magnum de Bodegas Valdelana, gentileza de bodega Valdelana.



Canxeo dos vales

Todo os vales deberán ser canxeados naqueles establecementos que estiverán adheridos o MercARES, Co fin de seguir promocionando o comercio local e a nosa hostalería.

Para os cobros destes vales, faranse en a ABANCA co horario de (8:00h a 11:00h,) co mesmo mecanismo que sempre.

Nome e apelidos e DNI da persoa que entrega o vale e factura ou tiket do establecemento donde se produce o canxeo

Os vales caducarán os cinco meses. Data límite 31 de outubro de 2026

ENTIDADES COLABORADORAS

COCA-COLA

BODEGAS DE VINOS ARES

BODEGA DE VINOS VALDELANA

BODEGAS ISMAEL ARROYO

ABANCA

CONCELLO DE ARES

Protección de datos

En cumprimento da Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, o concello informa de que unha vez concluído o evento de DEGUSTARES, nos comprometemos a destruír todos os datos de contacto dos clientes participantes no sorteo.